



Xosé Agrelo

Xosé Manuel Olveira

Pídenme que escriba unhas palabras sobre a figura de Xosé Agrelo. E sintome na obriga de facelo, pero non por el, a quen lle sobran recoñecementos e honores, senón polo que a ausencia deixa nun. Un acostúmase aos amigos, ás persoas que admira. E tanto se acostuma un que se vai construindo unha relación impune, case superficial. Un remata por crer que a xente é eterna. E iso foi o que me pasou con Pepe, que me acostumei a el, á súa inmortalidade. Nunca deixou de estar aí: cercano, desenfadado, intelixente. Foi sempre unha referencia, transmitindo a cantas xeracións de esteiráns lle deu tempo, o seu inquebrantable amor polo teatro. Non había máis que velo antes de cada función de *Os soños na gaiola*, tendo conta do detalle ao mínimo, tal era a importancia que lle concedía a cada personaxe por pequeno que fose, tal era o seu entusiasmo.

“Este país será o que os nenos que saen das escolas queiran que sexa” escoiteille dicir, recorrentemente, tamén despois de moitas representacións de *“Os soños...”* A ilusión non se lle tornaba do revés cando era el o que afrontaba o desafío de dar vida a un personaxe; máis ben ao contrario, así o recordo na rodaxe de *Macana de dote, Che*.

Cada quen admirará a Xosé Agrelo por unha cousa distinta; eu estímoo por moitas, pero, máis que nada, por unha amizade que sempre se me brindou franca e xenerosa.

E un acostúmase a esa presenza... ❖

“Este país será o que os nenos que saen das escolas queiran que sexa...”

